

MESA SECTORIAL DO DÍA 14 DE XANEIRO DE 2022

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DE DECRETO ----/2022, DO DE XANEIRO, POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE A PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DOS CORPOS DOCENTES QUE IMPARTEN AS ENSEÑANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN, DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2022

En primeiro lugar debemos dicir que non entendemos como a Consellería de Educación, despois de levar anos queixándose e lamentando que o Goberno Central non lle permitise ofertar o 100% da taxa de reposición, cando por fin a normativa estatal permite ofertar o 120%, a Administración Galega non o faga, soamente o entenderíamos no caso de poñer en perigo o traballo do profesorado.

Debemos criticar tamén que non existise unha negociación real das especialidades e prazas a convocar así como, un estudo detallado de que número de profesorado interino pode correr o risco de perder o seu posto de traballo coa oferta presentada.

Desde ANPE Galicia insistimos unha vez máis en que a mellor maneira de loitar pola estabilidade do profesorado é a través de amplas ofertas de emprego público. De todos os xeitos facemos notar que en anteriores convocatorias as prazas de promoción interna quedaron sen cubrir en máis dun 75% polo que, a OEP se ve desvirtuada e non real. Tamén consideramos que a Administración educativa debe velar por acadar un equilibrio entre os dereitos ao traballo do profesorado interino que xa ten prestado servizos, que obviamente deben de ser valorados e non debe de ver peligrar o seu traballo, cos dereitos dos aspirantes que se presentan sen ningún tipo de experiencia docente previa.

En relación a OEP a xustificación da mesma está baseada en dous puntos: a taxa de reposición e a promoción interna. Para ANPE Galicia falta un punto que consideramos sumamente importante: a recuperación do profesorado perdido na nosa Comunidade Autónoma durante os anos de crise económica. No ano 2009 había en Galicia un total de 31.820 docentes e, actualmente hai uns 1.300 docentes menos. En cambio, o profesorado do ensino concertado se viu incrementado en todos estes anos en detrimento do profesorado do Ensino Público. Consideramos que a recuperación deste profesorado é vital para conseguir medidas que para ANPE son sumamente importantes como son a redución de rateos tanto en primaria como en secundaria ou a redución do horario lectivo do profesorado de todas as etapas educativas e, polo tanto, a volta ao horario lectivo de 21 horas en primaria e 18 en secundaria.

ANPE Galicia non entende o proceder do Ministerio de Educación que xa está a falar dun prazo de entre 3 e 4 meses para a publicación da modificación do RD276/2007. Non se pode xogar cos aspirantes e pretender que a un mes escaso da celebración dos procesos selectivos se lles vaia cambiar as regras de xogo. De aí que unha ampla maioría de Comunidades Autónomas están xa a convocar as oposicións sen agardar máis a unha publicación dun texto que aínda pode mudar (e xa vai polo cuarto borrador). Por outro lado tampouco é entendible que se retome un sistema que leva en vigor 14 anos por unha última convocatoria. Compre negociar un sistema de acceso novo xa que o actual é obsoleto, pero debe facerse con tempo, con rigor e buscando o equilibrio entre os aspirantes con experiencia e os que non a teñen.

Por todo isto, **ANPE non pode apoiar este procedemento porque non houbo unha negociación conxunta e en condicións, onde se nos presentaran todos os datos dos compañeiros/as afectados, unha foto final de todo o proceso e, por outro compre negociar conxuntamente un sistema de acceso novo, xa que o que se presenta está obsoleto e débese buscar un equilibrio entre os aspirantes con experiencia e os que non a teñen mediante un acceso diferenciado e garantista.**

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE DO--- DE XANEIRO DE 2022 POLA QUE SE CONVOCAN PROCEDEMENTOS SELECTIVOS DE ACCESO AO CORPO DE INSPECTORES DE EDUCACIÓN, AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO E AO CORPO DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E DE INGRESO AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, AO CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, AO CORPO DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, AO CORPO DE MESTRES E PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES POLO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DOS CORPOS DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E MESTRES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED001A)

Desde ANPE Galicia lamentamos que a Administración Educativa galega **non dese ningunha opción a negociar as condicións do proceso na nosa Comunidade Autónoma e, o máis importante, as especialidades e prazas de ingreso así como, as de estabilización que posteriormente se ofertarán nun concurso de méritos excepcional.**

“Máxima seguridade xurídica”

Esa é a prioridade da nosa organización ante o caos xerado pola promulgación da Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o posterior borrado de Decreto que, pactado con outras organizacións sindicais, **pon en pé de guerra a todos os colectivos de opositores/as: interin@s con moitos anos de servizo, con poucos anos traballados, opositores/as sen experiencia e incluso aos propios funcionari@s de carreira que tamén se verán afectados nos seus dereitos por esta ignominia lexislativa.**

Na Mesa de negociación estatal ANPE xa se opuxo firmemente a este “totum revolutum” que, sendo de moi dubidosa legalidade xurídica, pon patas arriba todo o sistema de acceso e consolidación ao estar lexislado para resolver outro tipo de situacións de precariedade de características moi diferentes ás educativas.

Para ANPE, o borrador presentado polo Ministerio xera moitas dúbidas e incertezas, ademais de inseguridade xurídica, e cremos que non axudará a dar estabilidade a unha parte importante d@ interin@s, e incluso, en moitos casos, pórase en perigo o seu posto de traballo. Pero, ademais, deixa fóra a outros moitos interinos/as e aspirantes con menos experiencia.

Atopámonos coas circunstancias que concorren neste momento derivadas da promulgación da Lei de redución da temporalidade no emprego público. **É urxente e necesario dar resposta á situación dos compañeiros e compañeiras en réxime de interinidade, en moitos casos desde hai un bo número de anos.**

Non podemos obviar que **o que se presenta é a modificación dunha norma de hai máis de 14 anos, esa é a realidade, independentemente de que haxa que dar respostas ao contemplado na futura Lei de redución da temporalidade.**

Non nos gusta este sistema que nin sequera da resposta satisfactoria a quen teoricamente vai dirixido e, é un sistema claramente mellorable. Creando á súa vez unha enorme inseguridade xurídica coa inclusión nestes procesos de prazas de reposición e non só de estabilización, ademais doutras cuestións que non están suficientemente claras.

Por iso desde ANPE, **xa solicitamos na Mesa Estatal que a avogacía do Estado realizara un informe xurídico sobre o sistema que pretende instaurar para garantir a viabilidade** do que finalmente aprobe o Goberno.

Desde ANPE Galicia o primeiro que queremos é **aclarar as múltiples dúbidas que nos xorden, tanto na lectura, interpretación e aplicación do que se propón** no último borrador presentado (que pode non ser o definitivo), como na **seguridade xurídica**, no só xa dalgúns dos pronunciamentos que se fan, que agardamos se nos aclaren.

Gustaríanos coñecer para cando se prevé que poderían estar publicadas e entrar en vigor as modificacións propostas; esta sería a primeira incerteza que habería que aclarar para **coñecer se as oposicións que se puideran convocar en 2022 farían coa normativa actual ou cos novos criterios do Real Decreto.** Ao fío disto, xórdenos a primeira dúbida que **nos produce incerteza xurídica:** a Lei de estabilización soamente recolle que os sistemas de ingreso adaptaranse ás prazas de estabilización que a norma identifica perfectamente, e estas prazas (á súa vez) divídeas en dous tipos, que se deberán delimitar claramente no noso ámbito educativo. Sen embargo, o texto da modificación do RD 276/2007 recolle que este sistema de estabilización será tamén aplicable ás prazas que non o sexan, é dicir, ás futuras xubilacións (**taxa de reposición**) ou prazas que se poidan crear desde as Administracións educativas. Unha taxa de reposición que, por certo, foi a principal limitación para poder reducir a temporalidade e aumentar as plantillas e que **debera ser eliminada.** O feito de incluír esas prazas xunto coas de estabilización, non soamente **entendemos que pode xerar inseguridade xurídica por ir máis aló do que marca o proxecto actual da futura Lei de estabilización.** Para evitar posibles impugnacións aos procesos selectivos que se convoquen nestes anos queremos coñecer se se ten o aval dalgún informe xurídico.

Por outro lado, neste mes de Xaneiro, o Ministerio debería darnos a coñecer, antes do día 19, o primeiro borrador no desenvolvemento das Disposicións Adicionais Sétima da LOMLOE, onde se recollerá o **futuro sistema de ingreso e acceso aos corpos docentes.** Gustaríanos coñecer se a **Administración educativa galega ten información algunha e en que termos será e como afectaría,** no seu caso, ao que estamos tratando nesta Mesa Sectorial.

É necesario especificar de forma clara, para que non dea lugar a interpretacións diversas, **cales serán as prazas obxecto de estabilización e, destas, as que estarán destinadas a cubrirse polo procedemento de concurso de méritos.** A nós non nos cadra a cifra anunciada publicamente polo Conselleiro, polo que pedimos total transparencia na cuantificación destas prazas.

ACCESO POR CONCURSO DE MÉRITOS

Un concurso de méritos para as prazas de carácter estrutural que leven ocupadas por un interino desde o 1 de xaneiro de 2016, que se convocará por unha soa vez e a través dun sistema de libre concorrencia de aspirantes, é dicir, que **se presentarán aspirantes de toda España axuntando os seus méritos para ocupar esas prazas coa barreira que en Galicia lles supón a nosa lingua vernácula.**

Estas prazas, que a norma obriga a sacar a este concurso de méritos, son prazas, na súa maioría, de corpos e especialidades que levan moitos anos sen saír a oposición e soen estar ocupadas polo mesmo interino/a desde hai moitos anos. Son interinos/as que podemos chamar por obrigación e imperativo das Administracións educativas que, ao non convocar oposicións das súas especialidades coa frecuencia doutras, non tiveron máis remedio que seguir como interinos/as ocupando unha praza de plantilla. Referímonos sobre todo a especialidades vinculadas coa Formación Profesional, tanto no corpo de secundaria como do corpo a extinguir de profesores técnicos de Formación Profesional, compañeiros/as dos corpos docentes de Escolas Oficiais de Idiomas, de profesores de artes escénicas, de artes plásticas e deseño ou de mestres de taller. **Co proposto, cesarase a todos estes compañeiros e compañeiras e as súas prazas sairán a un concurso de méritos incerto no que aspirantes doutras Comunidades Autónomas ou de centros privados ou concertados, ou mesmo funcionarios e funcionarias de carreira doutros corpos docentes ou doutras administracións, que poden ter máis baremo cheguen a ocupar esas prazas que levan ocupando compañeiros e compañeiras en moitos casos desde hai máis de 20 anos e, algúns deles, preto da súa idade de xubilación.**

ANPE Galicia propón que a oferta deste tipo de prazas se negocie e estude praza a praza.

O Ministerio e as Administracións Educativas deberían dar unha solución satisfactoria a estes “interinos e interinas obrigados pola Administración” e que son clave para mesma, pois levan ocupando durante moitos anos prazas de xeito interino por culpa das Administracións educativas. Si se fai co sistema proposto aquí, traducirase en multitude de despedimentos de compañeiros e compañeiras que levan anos exercendo a súa labor docente e o que conlevará realmente será unha “desestabilización” das plantillas dos centros.

Entrando directamente no articulado do borrador da Orde de convocatoria de oposicións que hoxe se presenta:

- Solicitamos un debate sobre a conveniencia ou non de realizar o acto de presentación xa que o ano pasado funcionou moi ben e a situación pandémica persiste. **A Administración considera que, salvo que a situación o aconselle, é conveniente facelo xa que así tamén se evita o feito de que se poida presentar en Galicia un número importante de xente de fóra que podería ir a outro acto de presentación noutra comunidade e acudir despois tamén ás oposicións de Galicia. Deste xeito, ao establecer o acto de presentación favoreceríamos aos aspirantes da propia comunidade.**
- Reiteramos que é **importantísimo e fundamental que exista un verdadeiro e efectivo concurso-oposición.** A Administración debe velar polo correcto funcionamento dos tribunais para evitar as múltiples incidencias que se repiten ano tras ano (tribunais que convocan para probas sen respectar a antelación dos chamamentos, probas en domingos, modificación do tipo de probas, etc).
- Para que exista un concurso-oposición real consideramos que se debe reducir o número de opositores a 80 ou 90 por tribunal. Somos conscientes que unha das causas de que non exista concurso-oposición real é que os tribunais se ven apurados no tempo para rematar un proceso

selectivo en menos dun mes, por tanto, é fundamental aumentar o número de tribunais para reducir ese “apremio”.

- ANPE Galicia demanda que se nomeen tribunais en todas as provincias e que non se repitan sempre nas mesmas localidades como é habitual en certas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario.
- **ANPE Galicia considera IMPRESCINDIBLE que todos os membros dos tribunais, sen excepción, sexan nomeados por sorteo.** Neste mesmo sentido, naquelas especialidades nas que sexa necesario o asesoramento por asesores especializados estes asesores deben ser coñecidos públicamente para poder estar sometidos ás causas de recusación polos aspirantes no caso de que fose necesario. **É importante que todos os tribunais estean formados por profesorado da propia especialidade polo que ANPE considera que se debería traer a profesorado doutras comunidades antes que nomear a profesorado que non sexa da propia especialidade.**
- En relación ás renuncias a formar parte dos tribunais desde ANPE Galicia demandamos que se permita renunciar a todos os membros dos equipos directivos dos centros e non soamente aos directores/as. Tamén demandamos que se permita a renuncia no caso de coidado de fillos menores.
- ANPE Galicia considera que debe facerse pública a composición final dos tribunais unha vez atendidas as renuncias tal e como se fixo o ano pasado polo que demandamos que se repita.
- Demandamos que se axilice o pago ao profesorado que finalmente forma parte dos tribunais.
- **ANPE Galicia considera que debe haber uns criterios de valoración das probas comúns para todos os tribunais dunha mesma especialidade así como, unhas probas comúns.**
- Deberíase garantir o anonimato dos aspirantes na primeira proba.
- ANPE Galicia considera que os aspirantes deben ter dereito a coñecer a nota de cada unha das partes das probas do xeito máis inmediato posible.
- **Consideramos que a valoración dos méritos da fase de concurso debe levarse a cabo por parte da Administración como se facía anos atrás e non por parte dos tribunais.**
- **Demandamos que todos aqueles méritos que figuren xa na aplicación de Datos Personais non teñan que ser presentados.**
- Solicitamos ampliación do prazo de reclamacións ao baremo provisional.
- ANPE Galicia demanda que se axilice o tema da adaptación de tempo e medios para os opositores e opositoras que o soliciten. Deben saber con tempo suficiente si se lles autoriza ou non. Tamén é importante que os aspirantes coñezan con antelación suficiente os medios que van poder utilizar para o desenvolvemento das probas. Os tribunais deben dar a coñecer esta información con suficiente antelación. Tamén se deben facer, coa maior antelación posible, os chamamentos para as diferentes probas xa que hai que considerar que a maior parte dos aspirantes teñen que desprazarse e, polo tanto, deben facer previsión destes desprazamentos con tempo suficiente.
- **En relación ás probas prácticas ANPE Galicia considera que hai casos de especialidades nas que as especificacións das mesmas son demasiado xenéricas ou que incluso non se adaptan ao temario das especialidades.** É importante tamén que se establezan uns tempos de

realización das probas realistas que aparezan perfectamente claros na orde de convocatoria. Reiteramos de novo que deben darse instrucións claras aos tribunais para o cumprimento do recollido na convocatoria para evitar modificacións por parte dos mesmos do contido das probas que se produciron na última convocatoria

- Demandamos que os titores ou titoras da fase de prácticas sexan da especialidade correspondente.
- Demandamos matrícula gratuíta para todos os desempregados e desempregadas.
- Con respecto ao tema da presentación exclusiva das solicitudes por vía telemática, ANPE Galicia considera que debería coexistir coa presentación presencial ou cando menos a aplicación que se utiliza para facer a presentación de solicitudes debe enviar unha mensaxe de alerta no caso de que o procedemento non estea completado ou non se teña emitido xustificante de entrega.
- Debe ampliarse a casuística de acudir a examinarse no hospital para calquera tipo de hospitalización e non soamente no caso de hospitalización por maternidade.
- Cuestións relativas ao **baremo da fase de concurso**, ANPE Galicia considera que deben valorarse as titulacións de linguas vernáculas cooficiais do mesmo xeito que as titulacións de linguas estranxeiras. Tamén demandamos que se puntuén do mesmo xeito os servizos prestados por aquelas persoas que desde unha lista única prestan servizos como substitutos en dous corpos diferentes (como por exemplo, o profesorado das listaxes de inglés de secundaria que prestan servizos como substitutos nas EOI e teñen a metade de puntuación cando prestan os servizos neste corpo e se presentan ao corpo de profesores de ensino secundario). **Deberían tamén puntuarse todos os Mestrados oficiais e non soamente un, así como tamén debería puntuarse o Mestrado de Formación do Profesorado naqueles corpos nos que non sexa un requisito. A Administración acepta esta última proposta e terá en conta este Mestrado como unha formación máis no caso de non ser requisito.**

Para finalizar, demandamos que se amplíe o prazo a 4 días para poder participar no CADP para os opositores que superen o concurso-oposición.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- **Solicitamos información sobre a actualización das listaxes de substitucións do corpo de mestres que están sen actualizar desde os últimos procesos selectivos e que, en algunhas especialidades están a piques de esgotarse. Estamos xa no mes de Xaneiro, máis de 6 meses desde o remate dos últimos procesos selectivos e non existe xa xustificación ningunha para o feito de que o traballo de actualización no estea realizado. A Administración resposta que están rematando o traballo.**
- Solicitamos información sobre si é de aplicación en Galicia a modificación do artigo 49 e) do Estatuto Básico do Empregado Público pola que se amplía ata os 23 anos o permiso por coidado de fillo/a menor afectado por cancro ou outra enfermidade grave e que debería ser de obrigado cumprimento xa que hai Xefaturas Territoriais que descoñecen esta situación. **A Administración resposta que está publicado no BOE e, polo tanto, é de aplicación.**

- **Solicitamos información sobre a situación do proceso de Cátedras de Música e Artes Escénicas e tamén do proceso de Cátedras de Secundaria. A Administración resposta con respecto ás de Música que están empezando a traballar coas sentenzas publicadas para clarificar a situación e tamén con sentenzas sobre reclamacións individuais ao baremo. Quedan aínda sentenzas sen publicar. Con respecto ao resto de Cátedras a Administración informa de que están rematando de analizar os recursos presentados. Resolverán os recursos que consideran que son estimables e cando resolvan farán unha publicación da xente que accede a cátedras con efectividade do 1 de xaneiro de 2022.**
- **Solicitamos información sobre se vai haber protocolo COVID novo xa que se nos está a trasladar desde os centros que lles chegou información de que será publicada a vindeira semana. A Administración resposta que desde Educación e Sanidade non saíu ningunha notificación nin comunicación aos centros educativos.**
- **Solicitamos información sobre cando está prevista a publicación da Orde de Avaliación, Promoción e Avaliación.**
- **Solicitamos que non se estableza soamente ata o 30 de xuño os contratos dos programas RAOGAL e DIXIGAL. A Administración resposta que manterá a data do 30 de xuño.**
- **Demandamos unha solución á dotación de test de antíxenos gratuítos para fillos/as de mutualistas adscritos a entidades privadas unha vez que as mutuas se negaron á súa distribución.**
- **Solicitamos que a atención de fillos/as confinados ou contaxiados sexa considerado deber inescusable de carácter persoal. A Administración resposta que o establecemento dun permiso retribuído é algo que compete a Función Pública.**
- **Ante a pregunta sobre a futura integración do corpo de FP no corpo de PES a Administración resposta que non ten máis información ao respecto.**